



ACTA DA SESIÓN EXTRAORDINARIA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL DO CONCELLO DE VALDOVIÑO, CELEBRADA EN DATA VINTE E OITO DE AGOSTO DE DOUS MIL VINTE E CINCO.

Expediente 2025/G003/000549 - 2025/G003/000025

Reunidos o día 28-08-2025 ás 10:00 horas, a Xunta de Goberno Local de Valdoviño en sesión extraordinaria, previamente convocada conforme o Decreto núm. 526/2025, baixo a Presidencia do Alcalde Presidente da entidade local, Alberto González Fernández, con asistencia das Concelleiras e Concelleiros Rosa Ana García López, Benito Vega Fernández, Tamara Sabín Caamaño e Alejandro Antonio García Sousa.

A Corporación municipal é asistida pola Secretaria deste Concello, Carlota González Navarro que dá fe do acto.

Verificada pola Secretaria municipal a válida constitución da Xunta de Goberno Local pois se cumpre o quórum legal para a súa celebración, o Presidente abre a sesión, procedendo a deliberación dos asuntos incluídos na ORDE DO DÍA

1º.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DO BORRADOR DA ACTA DA SESIÓN ANTERIOR: 05.08.2025 (ORDINARIA).-

En cumprimento do establecido no artigo 91.1 do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais aprobado polo Real Decreto 2568/1986, do 28 de novembro (ROD, en diante), o Alcalde Presidente pregunta aos Concelleiros e Concelleiras se teñen que facer algunha observación á acta da sesión anterior e, ao non facerse ningunha alegación, declara que a acta da sesión ordinaria celebrada en data 05-08-2025 queda aprobada sen ningunha obxección pola Xunta de Goberno Local.

2º.- EXPEDIENTE DE URBANISMO REFERIDO Á SEGREGACIÓN E PARCELACIÓN 04/2023 (EXPEDIENTE 2023/U018/000005).

“PROPOSTA DE ALCALDÍA DE DESESTIMENTO DO PROCEDEMENTO- SOLICITUDE DE LICENZA DE SEGREGACIÓN DE PARCELA.

Expte: 04/2023. Tedec: 2023/U018/000005

.- Expte. de segregación e parcelación 04/2023.- [REDACTED] (representado por [REDACTED]).

Vista solicitude e proxecto presentado o 03-10-2023 por [REDACTED] en representación de Roque Serantes Urbano, para a segregación dunha parcela sita no Lugar Rio Magno, parroquia de Valdoviño, correspondendolle nº de referencia catastral 15088A501000800000GD.



Visto o escrito presentado o 18-08-2025 (nº de rexistro de entrada 2025999000011412) no que desiste da tramitación do procedemento de concesión de licenza para levar a cabo a segregación da parcela con referencia catastral 15088A501000800000GD.

Consta no expediente folia de valoración de taxas pola incoación do expediente administrativo 04/2023.

Considerando o disposto no **artigo 84 e artigo 94** da Lei 39/2015, de 1 de outubro, de Procedemento Administrativo Común, en relación ao desestimento da solicitude

E visto o disposto no **artigo 20** do Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo polo que se aproba o texto refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, relativo á liquidación de taxas, respectivamente, esta **ALCALDÍA**, propón a Xunta de Goberno Local a adopción dos seguintes **ACORDOS**:

Primeiro.- Aceptar de plano a petición formulada por [REDACTED] de desestimento da solicitude de licenza de segregación e, en consecuencia, da tramitación do expediente 04/2023.

Segundo.- Declarar concluso o procedemento de de tramitación da licenza de segregación de parcela (expediente 04/2023 sita no Lugar Rio Magno, parroquia de Valdoviño, correspondendolle nº de referencia catastral 15088A501000800000GD e arquivar as actuacións.

Terceiro.- Aprobar a liquidación das taxas correspondente segundo folia de valoración que consta no expediente: 308,46 €.

Cuarto.- Notificar o presente acordo ao interesado, dando traslado dos recursos que proceda interpoñer.

Quinto.- Dar traslado do presente acordo ao departamento de Urbanismo para o seu trámite; así coma aos servizos económicos para os efectos oportunos

/ASINADO ELECTRONICAMENTE POLO ALCALDE DON ALBERTO GONZALEZ FERNANDEZ NA DATA INDICADA Á MARXE”

A Xunta de Goberno Local, en votación ordinaria e por unanimidade dos seus membros á sesión, acordou a aprobación da proposta de Alcaldía transcrita (Expediente 2023/U018/000005).



**3º.- EXPEDIENTE DE URBANISMO REFERIDO Á PRÓRROGA DA LICENZA DE EDIFICACIÓN
271/2021 (EXPEDIENTE 2021/U022/000023).**

“PROPOSTA DE ALCALDÍA PARA PRÓRROGA DE LICENZA DE EDIFICACIÓN.

Nº Expediente: 271/2021 Tedec: 2021/U022/000023

Asunto: Prórroga de Licenza de edificación

Visto acordo da Xunta de Goberno Local de data 31/03/2022 polo que se concedeu a [REDACTED] e [REDACTED] licenza para as obras de constución de vivenda unifamiliar no Lugar de Montefaro 139-182, parroquia de Meirás (exp. 271/2021) concedéndose un prazo de 36 meses para a execución das mesmas, e séndolle notificado o acordo ao interesado en data 20/05/2022.

Con data 05/03/2025, solicítase por parte da promotor prórroga da licenza de obras outorgada. Considerando que a día de hoxe non variaron as condicións urbanísticas contidas nas vixentes Normas Subsidiarias do Planeamento Municipal, que serviron de base para o outorgamento da referida licenza de obras.

Virada visita a data 13/08/2025, compróbase que as obras estanse a executar.

Visto o informe favorable do arquitecto municipal de data 18/08/2025 no que conclúe: “Por todo o anteriormente exposto, e salvo opinión mellor fundada á que se somete o técnico que subscribe este informe, infórmase a solicitude de prórroga de licenza realizada como Favorable.

Esta **ALCALDÍA** en uso das competencias atribuídas polo art. 21 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das Bases de Réxime Local, propón á Xunta de goberno local, a adopción dos seguintes **ACORDOS**:

Primeiro.- Conceder a **prórroga de licenza de obras** para a construción de vivenda unifamiliar, sita no Lugar de Montefaro 139-182 (exp. 271/2021). Esta prórroga non poderá superar o acordado o inicialmente acordado que era de trinta e seis meses.

Segundo.- Aprobar a **liquidación de taxas** que ascende á cantidade de **94,01 €**.

Terceiro.- Notificar o presente acordo aos solicitantes co recurso que proceda.

Cuarto.- Dar traslado do presente acordo ao departamento dos servizos económicos e ao negociado de obras e urbanismo aos efectos oportunos

En Valdoviño, na data da sinatura electrónica.

O alcalde, Alberto González Fernández.”

A Xunta de Goberno Local, en votación ordinaria e por unanimidade dos seus membros á sesión, acordou a aprobación da proposta de Alcaldía transcrita (Expediente 2021/U022/000023).



4º.- EXPEDIENTE DE URBANISMO REFERIDO Á RENUNCIA DA LICENZA DE OBRAS PARA REHABILITACIÓN E AMPLIACIÓN DE VIVIENDA UNIFAMILIAR 222/2023 (EXPEDIENTE 2023/U022/000012).

“PROPOSTA DE ALCALDÍA DE RENUNCIA DE LICENZA DE OBRAS PARA REHABILITACIÓN E AMPLIACIÓN DE VIVENDA UNIFAMILIAR.

Expte: 222/2023. Tedec: 2023/U022/000012

- Expte. de obras 222/2023.-

Vista a solicitude presentada o 17-08-2023 por [REDACTED] en representación de [REDACTED] para a licenza de constución de vivenda unifamiliar nunha parcela situada no Lugar de O Vieteiro nº 58, parroquia de Pantín, Valdoviño, con referencia catastral nº 15088A034010650000HZ.

Visto acordo adoptado pola Xunta de Goberno Local o 9 de novembro de 2023 de outorgamento de licenza de edificación para execución das obras solicitadas, previa presentación do proxecto de execución, na parcela con referencia catastral nº 15088A034010650000HZ, de 09-11-2023 e **notificado, segundo acuse de recibo, o 23-11-2023.**

Visto escrito presentado o 14-08-2025 por [REDACTED] en representación de [REDACTED] (nº de rexistro de entrada 202599900001401 no que solicita a **renuncia á licenza concedida para levar a cabo as obras de construción de vivenda unifamiliar no Lugar de O Vieteiro nº 58**, parroquia de Pantín, Valdoviño, con referencia catastral nº 15088A034010650000HZ, e polo tanto, do arquivo do expediente de obras nº 222/2023, que se incoou ao efecto.

Consta no expediente acreditado mediante **xustificante de data 17-05-2024**, o pago das taxas administrativas correspondentes ao trámite e exame de proxecto e do imposto de construcións instalación e obras (ICIO) co seguinte desglose: **taxa 788,00 e ICIO 3.624,80.**

Visto o informe da policía Local de data 18-08-2025, no que se establece:

“(…) Que con data 18 de agosto de 2025, por parte dos actuates, virouse visita de comprobación á parcela indicada, puidendo observar que, a día da data, as obras non se iniciaron.

Considerando o disposto no **artigo 84 e artigo 94** da Lei 39/2015, de 1 de outubro, de Procedemento Administrativo Común, en relación ao desestimento da solicitude

E visto o disposto no **artigo 26.1 e 103.1** do Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo polo que se aproba o texto refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, relativos á liquidación da taxa e do ICIO, respectivamente, esta **ALCALDÍA**, propón a Xunta de Goberno Local a adopción dos seguintes

ACORDOS:



Primeiro.- Aceptar a renuncia formulada por [REDACTED] **relativa á licenza de obras concedida pola Xunta de Goberno Local o 9-11-2023 para a constución de vivenda unifamiliar nunha parcela situada no Lugar de O Vieteiro nº 58, parroquia de Pantín, Valdoviño, con referencia catastral nº 15088A034010650000HZ e que deu lugar á apertura do expediente de obras nº : 222/2023 (Tedec: 2023/U022/000012).**

Segundo.- Para os efectos do establecido no art. 103.1 da LRHL, e comprobado que non se levaron a cabo as obras solicitadas, **procede rectificar a liquidación provisional de tributos e por tanto procede a devolución do importe provisionalmente liquidado do ICIO a razón de 3.624,80 euros.**

Terceiro.- Arquivar as actuacións do expediente de obras 222/2023 (Tedec: 2023/U022/000012), cos efectos previstos na lei.

Cuarto.- Notificar o presente acordo ao interesado, dando traslado dos recursos que proceda interpoñer.

Quinto.- Dar traslado do presente acordo ao departamento de Urbanismo para o seu trámite; así coma aos servizos económicos para os efectos oportunos.

/ASINADO ELECTRÓNICAMENTE POLO ALCALDE DON ALBERTO GONZALEZ FERNANDEZ NA DATA INDICADA Á MARXE/”

A Xunta de Goberno Local, en votación ordinaria e por unanimidade dos seus membros á sesión, acordou a aprobación da proposta de Alcaldía transcrita (Expediente 2023/U022/000012)

5º.- EXPEDIENTE DE CONTRATACIÓN DA OBRA PROXECTO DO REFORZO DE RODADURA NOS CAMIÑOS DE BEDOXA, DONELLE E A FURADA (EXPEDIENTE 2025/C003/000001). Agader 2025/2026.

“PROPOSTA DE ALCALDÍA.

Visto que AGADER concede a este Concello unha subvención para a obra **PROXECTO REFORZO DE RODADURA NOS CAMIÑOS DE BEDOXA, DONELLE E A FURADA**

Visto a memoria xustificativa e proposta da Alcaldía, na que o Alcalde informou sobre a necesidade de contratar a obra citada, debido aos motivos indicados na citada memoria; considerándose que o procedemento máis adecuado é o aberto ordinario factor prezo.

Vista a providencia de Alcaldía.

Visto o informe de secretaría de data 25.08.2025 e de intervención de data 25.08.2025, así como o informe do arquitecto técnico redactor do proxecto de data 13/05/2025, xustificativo da imposibilidade de dividir en lotes a presente obra.



Despois de examinar a documentación achegada, de conformidade co establecido no artigo 116 e na disposición adicional segunda da Lei 9/2017, de Contratos do Sector Público

ACORDA:

PRIMEIRO: Aprobar o PROXECTO REFORZO DE RODADURA NOS CAMIÑOS DE BEDOXA, DONELLE E A FURADA redactado por Jose Manuel Saavedra Pantín, enxeñeiro técnico co número colexiado 978 e recibido no rexistro xeral co número 202599900000690.

SEGUNDO: Aprobar o expediente de contratación, mediante procedemento aberto, factor prezo, tramitación ordinaria, da obra **PROXECTO REFORZO DE RODADURA NOS CAMIÑOS DE BEDOXA, DONELLE E A FURADA**, polo prezo de **57.415,84 euros**, ao que se engadirá o Imposto sobre o Valor Engadido por valor de **12.057,33 euros**, o que supón un total de **69.473,17 euros**.

TERCEIRO: Aprobar a non división en lotes do presente investimento, en base ao informe xustificativo do arquitecto municipal de data 22/08/2025.

CUARTO: Aprobar os correspondentes pregos de cláusulas administrativas particulares e de prescricións técnicas que rexerán o contrato e o proceso de adxudicación.

QUINTO: Autorizar o gasto con cargo á aplicación orzamentaria 1532.61900 do orzamento municipal do exercicio 2025 prorrogado do 2024 por importe de 69.473,17 euros.

SEXTO: Publicar o corresponde anuncio no perfil de contratos do sector público.

/DOCUMENTO ASINADO ELECTRÓNICAMENTE POLO SEÑOR ALCALDE/

A Xunta de Goberno Local, en votación ordinaria e por unanimidade dos seus membros á sesión, acordou a aprobación da proposta de Alcaldía transcrita (Expediente 2025/C003/000001).

6º.- EXPEDIENTE DE CONTRATACIÓN DA OBRA PROXECTO REFORMADO SANEAMENTO E BOMBEO MONTEFARO (EXPEDIENTE 2024/C003/000004).

“PROPOSTA DA ALCALDÍA-PRESIDENCIA

Expte.: 2024/C003/000004

Obra: Proxecto reformado Saneamento e Bombeo en Montefaro

Aprobado o expediente de contratación da obra: “Proxecto reformado Saneamento e Bombeo en Montefaro” mediante acordo de Xunta de Goberno Local de data 29/10/2024.

Licitación: procedemento aberto con aplicación de único criterio de adxudicación (factor prezo).



Realizada a publicación da licitación na Plataforma de Contratos do Estado en data 20/12/2024 e presentadas ofertas, en sesión de data 22 de abril de 2025 a Mesa de contratación abriu e examinou a documentación do sobre A constatando que se presentaron cinco licitadores: NIF: B15675515 CITANIAS OBRAS Y SERVICIOS, S.L.U. NIF: A15013162 JOSE NO MANTIÑAN E HIJOS CONSTRUCCIONES, S.A. NIF: A15210669 LOPEZ Y LEIS,S.A. NIF: B70538459 NOVAVIAL S.L NIF: B32211716 OBRAS Y SANEAMIENTOS GALICIA, S.L. e tras a revisión da documentación aportada polos licitadores pónse de manifesto que a lista de admitidos na contratación foi (todos os que concorreron á licitación): NIF: B15675515 CITANIAS OBRAS Y SERVICIOS, S.L.U. NIF: A15013162 JOSE NO MANTIÑAN E HIJOS CONSTRUCCIONES, S.A. NIF: A15210669 LOPEZ Y LEIS,S.A. NIF: B70538459 NOVAVIAL S.L NIF: B32211716 OBRAS Y SANEAMIENTOS GALICIA, S.L.

Na sesión celebrada pola Mesa de Contratación en data 29/04/2025 procedeuse á apertura e valoración dos criterios evaluables automaticamente (sobre C) e efectuando a valoración co programa de ofertas económicas da Deputación da Coruña tomando como referencia o importe sen IVE: 172.294,07 euros resultan os seguintes datos:

NIF: B15675515 CITANIAS OBRAS Y SERVICIOS, S.L.U.:

- Oferta económica Valor introducido por el licitador: 162352.7 Puntuación: 26.93

NIF: A15013162 JOSE NO MANTIÑAN E HIJOS CONSTRUCCIONES, S.A.:

- Oferta económica Valor introducido por el licitador: 168800 Puntuación: 9.47

NIF: A15210669 LOPEZ Y LEIS,S.A.:

- Oferta económica Valor introducido por el licitador: 160000 Puntuación: 33.32

NIF: B70538459 NOVAVIAL S.L.:

- Oferta económica Valor introducido por el licitador: 167004.64 Puntuación: 14.33

NIF: B32211716 OBRAS Y SANEAMIENTOS GALICIA, S.L.:

- Oferta económica Valor introducido por el licitador: 164661.44 Puntuación: 20.67

Polo que as ofertas presentadas por Citanias Obras y Servicios, S. L. U. e López y Leis, S. A. resultan ofertas anormalmente baixas. E de conformidade co punto 15.4 do prego de cláusulas administrativas particulares que rexe esta contratación por procedemento aberto con pluralidade de criterios de adxudicación con aplicación de xuízos de valor e criterios de apreciación automática das obras comprendidas nos planes provinciais (ofertas anormalmente baixas) e de conformidade con artigo 149.4 de la Ley 9/2017 de 8 de noviembre (LCSP):

A Mesa de Contratación, por unanimidade dos membros presentes acordou requirir ás empresas NIF: B15675515 CITANIAS OBRAS Y SERVICIOS, S.L.U.: e NIF: A15210669 LOPEZ Y LEIS,S.A. para que dentro do prazo de CINCO DÍAS HÁBILES (5) dende a recepción da notificación, xustificasen a súa oferta, acompañando a documentación a que se refire o apartado 15.4.4 do prego de cláusulas administrativas que rexe a contratación.



En data 07/05/2025 procédese á notificación do requirimento de xustificación de baixas temerarias sendo atendidas por Citanias Obras y Servicios, S. L. U. en data 12/05/2025 e por López y Leis, S. A. en data 14/05/2025 e trasládase aos servizos técnicos municipais.

En sesión de data 7/08/2025 a Mesa de Contratación celebrou sesión na que se deu conta dos informes técnicos municipais de data 05/08/2025 nos que se considera xustificada a oferta económica presentada por López y Leis, S. A. non considerándose como oferta economicamente desproporcionada e análogamente no outro informe técnico da mesma data considérase que non queda xustificada a oferta económica presentada por Citanias Obras y Servicios, S. L. U. polo que a mesma considérase unha oferta economicamente desproporcionada.

E por conseguinte a mesa acordou formular proposta de adjudicación do contrato de obra **Proxecto reformado de saneamento e bombeo en Montefaro** a favor da empresa López y Leis, S. A., motivado en que é a oferta que obtivo a maior puntuación, previa presentación por el licitador da documentación para ser adjudicatario do contrato.

Visto o exposto anteriormente, esta alcaldía PROPÓN á Xunta de Goberno Local a adaptación do seguinte ACORDO:

Primeiro.- Considerando que a empresa con NIF A15210669 López y Leis, S. A. presenta unha oferta cun importe:

A) Prezo sen IVE: 160.000,00 euros

B) Imposto sobre o Valor Engadido (IVA): Porcentaxe: 21 % Importe 33.600,00 euros

C) TOTAL (A+B): 193.600,00 EUROS

Requirir ao devandito licitador para que no prazo de DEZ DÍAS HÁBILES a contar dende o seguinte a aquel en que reciba a notificación, PRESENTE a documentación sinalada na cláusula 16.- Adjudicación-do prego de cláusulas administrativas particulares que rexen a contratación, incluída a garantía definitiva (5 % do importe de adjudicación, excluído o IVE: 8.000,00 euros), así como certificados de atoparse ao corrente das obrigas coa Axencia Estatal Tributaria e coa Axencia Tributaria de Galicia. Aos efectos de poder serlle adjudicado o contrato de Proxecto reformado de saneamento e bombeo en Montefaro polo importe indicado na oferta presentada.

Segundo.- Notificar o presente acordo á citada entidade mercantil para o seu coñecemento e efectos.

Non obstante, a Xunta de Goberno Local decidirá o que estime convinte.

O Alcalde:

Asdo.: D. Alberto González Fernández (Asdo. dixitalmente)

A Xunta de Goberno Local, en votación ordinaria e por unanimidade dos seus membros á sesión, acordou a aprobación da proposta de Alcaldía transcrita (Expediente 2024/C003/000004).



7º.- EXPEDIENTE DE CONTRATACIÓN DO SERVIZO PUNTO DE ATENCIÓN Á INFANCIA AULA DA NATUREZA (EXPEDIENTE 2025/C004/000002).

“PROPOSTA DE ALCALDÍA PARA A APROBACIÓN DOS PREGOS DE CLÁUSULAS ADMINISTRATIVAS E TÉCNICAS PARA A CONTRATACIÓN DO SERVIZO DO PUNTO DE ATENCIÓN Á INFANCIA “AULA DA NATUREZA” E APROBACIÓN DO EXPEDIENTE DE CONTRATACIÓN DO SERVIZO

Visto o informe emitido pola educadora social Iria García Martínez sobre a necesidade da contratación para dar continuidade á prestación do servizo de educación e conciliación do Punto de Atención á Infancia “Aula da Natureza” e que se transcribe a continuación:

“INFORME PARA A CONTRATACIÓN DA XESTIÓN DO SERVIZO DO PUNTO DE ATENCIÓN Á INFANCIA DE VALDOVIÑO “AULA DA NATUREZA”

Iria García Martínez, Educadora Social do Concello, en relación ao servizo de educación e conciliación prestado no Punto de Atención á Infancia de Valdoviño

INFORMO:

PRIMEIRO.- Que o contrato do servizo iniciado no ano 2021, coas prórrogas correspondentes, remata no mes de xullo do presente ano, sendo necesaria unha nova contratación para dar continuidade ao servizo prestado.

SEGUNDO.- Que o funcionamento do recurso conta xa cunha traxectoria de varios anos que permite facer unha valoración sobre a súa necesidade e o nivel de participación, constatando que o servizo que presta é fundamental para a cobertura da necesidade de conciliación da vida familiar e laboral das familias de Valdoviño. O nivel de ocupación adoita ser alto, e rematado o prazo de preinscrición para o curso que ven constátase que se cubren todas as prazas. Isto pon de manifesto o interese e a necesidade existente entre as familias, o que xustifica a importancia de que se continúe prestando o servizo.

TERCEIRO.- Que a Xunta de Galicia resolve unha axuda anual para o funcionamento e gratuidade da atención educativa das escolas infantís e puntos de atención á infancia de titularidade municipal. A resolución para o presente curso escolar é de 9212€ para mantemento e 15770,43€ para a gratuidade da atención educativa. No caso dos vindeiros cursos estímase que a axuda sexa unha contía semellante, ao establecer unha cantidade fixa no caso do mantemento e coñecer que as prazas do Punto de Atención á Infancia de Valdoviño van estar cubertas na súa totalidade.

CUARTO.- Que entre os departamentos de Secretaría, Servizos Económicos e Servizos Sociais elabóranse os pregos de cláusulas administrativas e técnicas para a licitación do servizo. Para que conste aos efectos oportunos.”



Detectado un erro material no anexo II dos pregos de cláusulas administrativas por acordo de Xunta de Goberno Local de data 05/08/2025 acordou “a retirada do Expediente de contratación do servizo do Punto de Atención a Infancia Aula da Natureza (Expediente 2025/C004/000002) incluído na orde do día, aprazando a súa discusión ata que se incorporen ao Expediente os documentos e/ou informes precisos para subsanar o erro advertido no Prego de Cláusulas Administrativas Particulares.”

Visto o informe da educadora social do departamento de servizos sociais que textualmente se transcribe a continuación:

„En relación á licitación da Xestión do Punto de Atención á Infancia do Concello de Valdoviño, advertido erro material no Anexo II das cláusulas administrativas, procédese á súa modificación, debendo eliminar tamén unha referencia ao mesmo na cláusula 10 relativa a documentación.“

De acordo coas competencias que se atribúen á Alcaldía polo artigo 21, da Lei 7/85 do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local,

PROPOÑO:

PRIMEIRO.- Correxir o erro material no anexo II do prego de cláusulas administrativas de data 22/07/2025 no que se facía referencia á extensión do horario e na cláusula 12.2 do PCCAAPP procedendo á súa eliminación en ambos apartados.

SEGUNDO.- Aprobar o expediente de contratación do servizo de xestión do punto de atención á infancia (aula da natureza) con Concello de Valdoviño mediante procedemento aberto simplificado, tramitación ordinaria e con multiplicidade de criterios de valoración de conformidade co disposto no artigo 159 da LCSP.

TERCEIRO.- Aprobar os pregos de cláusulas administrativas e técnicas que rexerán a presente contratación do servizo de xestión do punto de atención á infancia (aula da natureza) con Concello de Valdoviño, coas modificación indicadas.

CUARTO.- Autorizar o gasto, cun orzamento base de licitación de 54.900 €/ano exento de IVE .

QUINTO.- Publicar o correspondente anuncio no perfil contratante deste concello aloxado na plataforma de contratación do sector público.

Así o acordo, mando e asino en Valdoviño na data que figura á marxe

O Alcalde

Asdo. Alberto González Fernández”



A Xunta de Goberno Local, en votación ordinaria e por unanimidade dos seus membros asistentes á sesión, acordou a retirada do Expediente de contratación do servizo do Punto de Atención a Infancia Aula da Natureza (Expediente 2025/C004/000002) incluído na orde do día, aprazando a súa discusión ata que se incorporen ao Expediente os documentos e/ou informes precisos para subsanar o erro advertido no Prego de Cláusulas Administrativas Particulares.

8º.- EXPEDIENTE DE APROBACIÓN DE CERTIFICACIÓNS DE OBRA E GASTO DA OBRA REPARACIÓN NAS ESTRADAS EN RÚA BOEIRO, AVENIDA COUCE CASAS, PORTO DO CABO, BROÑO, CARREIRA, TARAZA, PADÍN, CAMPÓN E OUTROS (EXPEDIENTE 2025X999/000148).

“PROPOSTA DE APROBACIÓN DE CERTIFICACIÓNS DE OBRA

Proposta de aprobación da certificación de obra n.º 1 “Reparación estradas en Rúa Boeiro, Avenida Couce Casas, Porto do Cabo, Broño, Carreira, Taraza, Padín, Campón e outros” do Concello de Valdoviño, asinada pola dirección de obra o 2 de xuño de 2025 e inxerida no Rexistro Xeral do Concello de Valdoviño en data 2 de xuño de 2025. A correspondente factura foi presentada telemáticamente pola empresa adxudicataria **Construcciones J. Mauri e Hijos, S. L.** o día 12 de xullo de 2025 por importe de 22.012,72 euros.

Proposta de aprobación da certificación de obra n.º 2 “Reparación estradas en Rúa Boeiro, Avenida Couce Casas, Porto do Cabo, Broño, Carreira, Taraza, Padín, Campón e outros” do Concello de Valdoviño, asinada pola dirección de obra o 1 de xullo de 2025 e inxerida no Rexistro Xeral do Concello de Valdoviño en data 1 de xullo de 2025. A correspondente factura foi presentada telemáticamente pola empresa adxudicataria Construcciones J. Mauri e Hijos, S. L. o día 12 de xullo de 2025 por importe de 99.372,82 euros.

Proposta de aprobación da certificación de obra n.º 3 “Reparación estradas en Rúa Boeiro, Avenida Couce Casas, Porto do Cabo, Broño, Carreira, Taraza, Padín, Campón e outros” do Concello de Valdoviño, asinada pola dirección de obra o 4 de agosto de 2025 e inxerida no Rexistro Xeral do Concello de Valdoviño en data 4 de agosto de 2025. A correspondente factura foi presentada telemáticamente pola empresa adxudicataria Construcciones J. Mauri e Hijos, S. L. o día 6 de agosto de 2025 por importe de 60.572,60 euros.

Tomando nota do indicado, PROPONSE que se adopte o seguinte acordo;

PRIMEIRO.- Aprobación da certificación de obra n.º 1 “Reparación estradas en Rúa Boeiro, Avenida Couce Casas, Porto do Cabo, Broño, Carreira, Taraza, Padín, Campón e outros” do Concello de Valdoviño e a correspondente factura número Emit- 202500013 de data 02/06/2025 con número de rexistro contable F/2025/1777, emitida por **Construcciones J. Mauri e Hijos, S. L.** e presentada no rexistro electrónico de facturas en data 12 de xullo de 2025 por importe de 22.012,72 euros.



SEGUNDO.- Aprobación da certificación de obra n.º 2 “Reparación estradas en Rúa Boeiro, Avenida Couce Casas, Porto do Cabo, Broño, Carreira, Taraza, Padín, Campón e outros” do Concello de Valdoviño e a correspondente factura número Emit- 202518 de data 01/07/2025 con número de rexistro contable F/2025/1788, emitida por Construcciones J. Mauri e Hijos, S L. e presentada no rexistro electrónico de facturas en data 12 de xullo de 2025 por importe de 99.372,82 euros.

TERCEIRO.- Aprobación da certificación de obra n.º 3 “Reparación estradas en Rúa Boeiro, Avenida Couce Casas, Porto do Cabo, Broño, Carreira, Taraza, Padín, Campón e outros” do Concello de Valdoviño e a correspondente factura número Emit- 202522 de data 04/08/2025 con número de rexistro contable F/2025/2088, emitida por Construcciones J. Mauri e Hijos, S. L. e presentada no rexistro electrónico de facturas en data 6 de agosto de 2025 por importe de 60.572,60 euros.

CUARTO.- De conformidade disposto no artigo 21 da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local como Alcalde e ordenador de pagos, acordar e ordenar o pago dos importes citados que derivan do recoñecemento da obriga, así como recoñecer o dereito do Concello de Valdoviño ao cobro das taxas enunciadas no artigo 6 da Ordenanza fiscal reguladora da taxa por prestación de servizos, inspección e dirección de obras realizadas polos técnicos competentes. Así, o tipo de gravame a aplicar será o 3% e o 1% do presuposto de execución material pola dirección e inspección de obra e coordinación de seguridade e saúde, respectivamente.

Polo tanto, ao importe total da certificación n.º 1 correspondente a obra “Reparación estradas en Rúa Boeiro, Avenida Couce Casas, Porto do Cabo, Broño, Carreira, Taraza, Padín, Campón e outros” deberán descontárselle 462,80 euros pola dirección e inspección de obra 154,27 euros respecto a coordinación de seguridade e saúde.

Análogamente, ao importe total da certificación n.º 2 correspondente a obra “Reparación estradas en Rúa Boeiro, Avenida Couce Casas, Porto do Cabo, Broño, Carreira, Taraza, Padín, Campón e outros” deberán descontárselle 2089,21 euros pola dirección e inspección de obra 696,40 euros respecto a coordinación de seguridade e saúde.

Do mesmo xeito ao importe total da certificación n.º 3 correspondente a obra “Reparación estradas en Rúa Boeiro, Avenida Couce Casas, Porto do Cabo, Broño, Carreira, Taraza, Padín, Campón e outros” deberán descontárselle 1273,48 euros pola dirección e inspección de obra 424,49 euros respecto a coordinación de seguridade e saúde.

En Valdoviño, na data da sinatura electrónica

O Alcalde do Concello de Valdoviño;

Asdo.; Alberto González Fernández.”

A Xunta de Goberno Local, en votación ordinaria e por unanimidade dos seus membros asistentes á sesión, acordou a aprobación da proposta de Alcaldía transcrita (Expediente 2025X999/000148).



9º.- APROBACIÓN DE GASTOS, RELACIÓN DE FACTURAS F/2025/19 (EXPEDIENTE 2025/X999/000149).

“PROPOSTA DA ALCALDÍA-PRESIDENCIA

APROBACIÓN DE GASTOS: RELACIÓN DE FACTURAS Nº F/2025/19.

Elaborouse a seguinte relación de facturas que figura co número F/2025/19 e que se remitiu pola Intervención Municipal. A contía total da presente relación de 3 facturas ascende á cantidade de DEZASETE MIL NOVECENTOS SEIS EUROS CON SESENTA E OITO CÉNTIMOS (17.906,68 €). As facturas que integran a antedita relación figuran como anexo á proposta.

A Alcaldía, de acordo coas competencias que se atribúen á Alcaldía polo artigo 21, apartado 1.f) da Lei 7/85, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, na súa redacción dada polas Leis 11/99 e 57/03,

PROPÓN:

PRIMEIRO.- APROBAR a relación de facturas sinalada, F/2025/19 por importe bruto de 17.906,68 euros.

SEGUNDO.- APROBAR o endoso da factura número Emit 25-49 con número de rexistro contable F/2025/2046 e importe de 8241,20 euros emitida por La Guagua Servicios Socioculturales, S. L. a favor de Galaicus Fintech, S. L. (NIF B70535414) segundo a solicitude presentada en data 06/08/2025 baixo o número de rexistro de entrada 202599900001352 toda vez que a documentación aportada xunto coa a solicitude é a correcta para a aceptación do devandito endoso.

En Valdoviño, na data da sinatura electrónica

O alcalde:

Asdo. D. Alberto González Fernández (Asdo. Dixitalmente)”

A Xunta de Goberno Local, en votación ordinaria e por unanimidade dos seus membros asistentes á sesión, acordou a aprobación da proposta de Alcaldía transcrita (Expediente 2025/X999/000149).

10º.- RATIFICAR O ACORDO ADOPTADO NO DECRETO NÚM. 489/2025 DE DATA 07-08-2025 (EXPEDIENTE 2024/U026/000295 – 2025/G003/000504).

“RESOLUCIÓN ALCALDÍA PRESIDENCIA

Asunto Expediente comunicación previa obra 309/2024

Expediente 2024/U026/000295 (2025/G003/000504)



Visto que con data **25 de outubro de 2024** e rexistro de entrada nº **202499900001852**, presentase comunicación previa de obra de “Desmantelamento e modificación (repotenciación) das instalacións de produción de enerxía eléctrica e das infraestruturas de evacuación do parque eólico Novo”.

Visto o orzamento de execución material que ascende a cantidade de **18.031.990,47 €**.

Dado que as parcelas onde se pretende a realización da obra á que se refire o expediente, encóntanse situadas en solo clasificado segundo as Normas subsidiarias de planeamento municipal (NNSSPP) en vigor neste concello como **solo non urbanizable común / protección forestal**.

Logo de ver as obras relacionadas na presente comunicación previa, de acordo co informe do **Arquitecto e Arquitecto técnico municipal de data 07 de agosto de 2025**, **SI** cumpren coas NNSSPP e demais disposicións urbanísticas vixentes considerando que a documentación presentada é **COMPLETA**, polo tanto infórmase de xeito **FAVORABLE**, debéndose cumprir as seguintes condicións que figuran no anexo nº 1 do informe emitido polo técnicos municipais.

As obras deberán axustarse ás seguintes condicións:

1. Axustarse á documentación técnica presentada.

2. Axustarse aos condicionantes fixados nas autorizacións e informes sectoriais obtidos. A subliñar:

- *Declaración de impacto ambiental (DIA) formulada pola Dirección Xeral de calidade Ambiental, Sostibilidade e Cambio Climático do día 07.03.2023. (DOG núm. 56, do 21.03.2023).*
- *Resolución da Dirección Xeral de Enerxías Renovables e Cambio Climático do día 30.08.2024 pola que se outorga a autorización de desmantelamento das instalacións actuais do parque eólico Novo, a autorización administrativa previa e a autorización administrativa de construción e a declaración de utilidade pública, en concreto, ás instalacións relativas ao proxecto do parque eólico Novo (repotenciación).*
- *Resolución da Dirección Xeral de Enerxías Renovables e Cambio Climático do día 23.07.2025 pola que se recoñécese como non substancial a modificación do parque eólico Novo.*
- *Autorización da Deputación da Coruña do día 01.04.2025 (núm. exp. 2024000048468).*
- *Autorización de Augas de Galicia do día 08.04.2025 (núm. exp. DH.W15.105418).*
- *Autorización da Dirección Xeral de Patrimonio Cultural do día 29.05.2025 (núm. exp. SA-2025-0249.AUI)*
- *Autorización da Axencia Estatal de Seguridade Aérea do día 01.04.2020 (núm. exp. P20-0004).*

3. Nos tramos nos que as instalación afecten a bens de dominio público municipal, (estradas, beirarrúas, etc.), o firme afectado deberá ser repostado en condicións similares ao seu estado orixinal, polo cal se fixarán as oportunas garantías, que ascenden á cantidade de **35.000,00 €.**



4. O prazo para o inicio e remate das obras non poderá exceder dos 3 meses e 1 ano respectivamente.

De conformidade cos antecedentes expostos, e as atribucións que me confire o artigo 21.1 da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local (LRBRL, en diante), e o artigo 61.1 da Lei 5/1997, de 22 de xullo, reguladora da Administración Local de Galicia,

RESOLVO

- 1.º. Comunicar que a **documentación presentada é adecuada e completa para a realización das obras solicitadas**, podendo o Concello realizar labores de control e comprobación de que as obras realizadas coinciden coas obras comunicadas.
- 2.º O prazo para o **inicio e remate** das obras non poderá exceder dos **3 meses e 12 meses**, respectivamente.
- 3.º Ratificar o presente acordo na vindeira sesión da Xunta de Goberno Local.
- 4.º Notificar NATURGY RENOVABLES S.L.U. con N.I.F. B4160423 conforme o establecido no artigo 40 e sucesivos da Lei 39/2015, do 1 de outubro, de Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas.
- 5.º Dar conta da presente Resolución ao Pleno municipal na vindeira sesión que se celebre.

Documento asinado polo alcalde do Concello de Valdoviño, Alberto González Fernández na data indicada a marxe esquerda”

A Xunta de Goberno Local, en votación ordinaria e por unanimidade dos seus membros asistentes á sesión, acordou ratificar o acordo aportado no Decreto núm.489/2025 (Expediente 2025/G003/000504).

11.º.- ROGOS E PREGUNTAS.-

Non se formularon rogos nen preguntas.

E non habendo máis asuntos que tratar e cumprindo o obxecto do acto, o Alcalde Presidente Alberto González Fernández levanta a sesión sendo as 10:30 horas do 28-08-2025, do cal como Secretaria municipal dou fe.

/Documento asinado na marxe esquerda do mesmo pola secretaria e polo alcalde/